



(F_TOD_35)

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

HISTORIAL DE CAMBIOS

FECHA	Órgano	Actuación	PUBLICACIÓN		
			Boletín	Nº	Fecha
18/11/2005	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	270	01/01/2006
13/11/2006	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	297	29/12/2006
27/12/2007	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	299	31/12/2007
23/10/2008	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	291	19/12/2008
04/11/2010	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	294	24/12/2010
07/11/2011	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	297	29/12/2011

SIMBOLOXÍA



No seu caso, as modificacións puntuais do texto da ordenanza sinalaránse con esta icona.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona foron modificados respecto da anterior versión da ordenanza.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona atópanse en revisión.



Facendo clic nesta icona, dispoñible ao pé de cada páxina desta ordenanza, volve ao INDICE do documento



✉ informatica@concellodemonforte.com 🌐 www.monfortedelemos.es 🌐 <https://sede.monfortedelemos.es>
Comuníquenos calquera incidencia que observe neste documento

INDICE

ARTIGO -1- FUNDAMENTO E NATUREZA	3
ARTIGO -2- FEITO IMPOÑIBLE	3
ARTIGO -3- SUXEITO PASIVO	3
ARTIGO -4- BENEFICIOS FISCAIS	3
ARTIGO -5- COTA TRIBUTARIA	3
ARTIGO -6- NORMAS DE XESTIÓN	4
ARTIGO -7- DEVEÑO DA TAXA E PAGAMENTO	4
DISPOSICIÓN ADICIONAL	5
DISPOSICIÓN FINAL	5

ARTIGO -1- FUNDAMENTO E NATUREZA

De acordo co establecido nos Artigos 57,20.1e3 , 20.3, b) c) e) i) j) k) o) p) r) t) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais - R. D. Legislativo 2/2004 de 5 de marzo e de conformidade co establecido nos Artigos 15 e 19 do mesmo texto legal o Concello de Monforte establece a Taxa por ocupación de subsolo , solo e voo da vía pública.

ARTIGO -2- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local que deriva das ocupacións do subsolo , solo e voo da vía pública e en especial as utilizacións as que se fai referencia no artigo 5 desta ordenanza.

ARTIGO -3- SUXEITO PASIVO

1. Son suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o art. 35.4 da L.X.T., a favor das que se outorguen as concesións ou autorizacións de ocupación ou que se beneficien do aproveitamento, se é que se procede sen o outorgamento correspondente.
2. Tamén terán a consideración de suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas titulares das empresas explotadoras de servizos de subministración que afecten á xeralidade ou a unha parte importante do veciñanza e utilicen privativamente ou aproveiten especialmente o solo, subsolo ou voo da vía pública municipal, con independencia do seu carácter público ou privado.

A estes efectos, inclúranse entre as empresas explotadoras destes servizos ás empresas distribuidoras e comercializadoras dos mesmos.

Entre outras, consideraranse como tales:

- a) As empresas subministradoras de enerxía eléctrica, auga ou gas.
 - b) As empresas dos servizos de telecomunicacións por cable, con independencia de quen sexa o titular da rede.
 - c) Calquera outra empresa de servizos de subministración que utilicen para a prestación dos mesmos tubaxes, cables e demais instalacións que ocupen o solo, voo ou subsolo municipais.
3. Os obrigados tributarios das taxas de vencemento periódico que non residan en España deberán designar a un representante con domicilio e territorio español . Esta designación deberá comunicarse ao Concello antes do primeiro devedo da taxa anterior a alta no rexistro de contribuíntes

ARTIGO -4- BENEFICIOS FISCAIS

O Estado a Comunidade Autónoma e as Entidades Locais non estarán obrigadas ao pagamento da taxa cando soliciten licenza para aproveitamentos especiais necesarios para os servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e para outros que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou á defensa nacional.

ARTIGO -5- COTA TRIBUTARIA

Será o resultado de aplicar as tarifas seguintes :

TARIFAS XERAIS (Conceptos computables)	Unidade computable (UC)	€/ ano x UC
Cable subterráneo para a condición de enerxía	Metro lineal	0,0241
Liña aérea	Metro lineal	0,0241
Soporte de conducción aérea	Soporte	0,1534
Poste de madeira ou de cemento armado transformadores	Poste / M ² ou fracción	
Caixas de amarre ou distribución de enerxía eléctrica	Metro lineal	1,92

Aparatos de bombeo de combustible e tanques ou depósito	Aparato de bombeo	20,68
Tanques ou depósitos instalados no subsolo da vía pública ou en terreo de uso público		
** Para determina-la superficie terase en conta a que ocupe o propio tanque e as obras accesorias para a instalación, tales como muros de contención, areado, etc.	Metro cadrado	17,60
Básculas automáticas e outros aparatos análogos	Metro cadrado ou fracción	3,83
Aparatos para a subministración de lubricantes	Aparato	8,42

LICENCIAS PARA A INSTALACIÓN DE GUINDASTRES

Cando se instalen en terreos de dominio público ou de uso público	Semestre	€/ mes x M ² ou fracción
	1º (Primeiro)	7,67
	2º (Segundo)	15,31
	3º (Terceiro)	30,62

Cando un guindastre se instale en terreo particular, no caso de que a pluma voe sobre a vía pública, a contía da taxa fixarase una cota mínima de 6,57€ m² e mes, dita taxa xirarase soamente en función do solo ocupado.

As cotas tributarias resultantes de aplicar as tarifas sinaladas no apartado anterior deste artigo non poderán ser inferiores a 6€

Non obstante o anterior, para as empresas explotadoras de servizos de subministración que afecten á globalidade ou a unha parte importante do veciñanza, a contía da taxa regulada nesta ordenanza consistirá, en todo caso e sen ningunha excepción, no 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente neste termo municipal ditas empresas. Para os efectos entenderase por ingresos brutos os que figuren en dita facturación.

ARTIGO -6- NORMAS DE XESTIÓN

1. As cantidades esixibles de acordo coas tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irredutibles polos períodos de tempo sinalados nos respectivos parágrafos.
2. As persoas ou entidades interesadas na concesión do aproveitamento regulado nesta ordenanza, deberán solicitar previamente a correspondente licenza.
3. Unha vez autorizada a ocupación, se non se determinou con exactitude a duración do aproveitamento, entenderase prorrogada ata que se presente a declaración de baixa dos interesados, pero xíraselle a taxa que se estipula cando excede dos seis meses para os guindastres.
4. A presentación da baixa producirá efectos a partir do día primeiro do período natural de tempo seguinte sinalado nos parágrafos da tarifa.

ARTIGO -7- DEVEÑO DA TAXA E PAGAMENTO

1. O deveño da taxa regulada nesta ordenanza nace:
 - a) Se trátase de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de iniciarse a utilización privativa ou aproveitamento especial, que coincidirá co do outorgamento da correspondente concesión ou autorización se foi solicitada
 - b) Se trátase de aproveitamentos xa autorizados e ou prorrogados, o día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na tarifa.
 - c) Cando non se solicitou a concesión ou autorización e se produce o aproveitamento a taxa deveñase no momento do inicio do dito aproveitamento.
2. O pagamento da taxa realizarase:
 - a) Se trátase de novos aproveitamentos mediante autoliquidación no momento da presentación da solicitude.

- b) No caso de aproveitamentos xa autorizados e ou prorrogados, unha vez incluídos nos padróns ou matrículas ingresarase a contía correspondente ao período anual. O Concello requirirá anualmente para o seu pagamento a través de anuncios no Boletín Oficial da Provincia.
3. As Empresas explotadoras de servizos de subministración que afecten á globalidade ou a unha parte importante do veciñanza deberán presentar ao final de cada trimestre certificación dos ingresos brutos obtidos no municipio aos efectos da emisión da liquidación, sen prexuízo da comprobación que poderá practicar o Concello en base aos libros de contabilidade e outros documentos que as empresas estean obrigadas a levar e conservar.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As disposicións desta ordenanza que reproduzan aspectos da lexislación vixente e normas legais de aplicación i aqueles que fagan remisión a preceptos legais, entenderanse automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos mesmos .

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal que foi aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello o día 18 de novembro de 2005 e exposta no B.O.P de Lugo núm. 270 de 25 de novembro, entrando en vigor o día un de xaneiro de 2006.

Modificada provisionalmente polo Pleno do Concello o día 13 de novembro de 2006 e exposta no B.O.P de Lugo num. 297 de 29 de decembro de 2006.

Modificada provisionalmente polo Pleno do Concello do día 8 de novembro de 2007 definitivamente polo Pleno do Concello do día 27 de decembro de 2007 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 299 do día 31 de decembro de 2007.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 23 de outubro e 2008 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 291 do día 19 de decembro de 2008.

Modificada provisionalmente polo Pleno de 4 de novembro de 2010 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 294 do día 24 de decembro de 2010.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 7 de novembro de 2011 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 297 do día 29 de decembro de 2011.

Monforte de Lemos, febreiro de 2016



O Alcalde, José Tomé Roca